



XOVES 22 DE DECEMBRO 2022

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Sabores do mundo é unha actividade que tradicionalmente se vén desenvolvendo no noso centro o último día de clases, antes das vacacións do Nadal. Este ano celebrarase o xoves 22 de decembro.

A actividade trata de favorecer a convivencia entre o noso alumnado a través do achegamento ás particularidades culturais (tradicións, costumes, lendas, gastronomía...) que coexisten no centro.

Con antelación dabondo, cada grupo debe decidir a temática que traballará en conxunto. A continuación deberá inscribirse no certame remitindo á Vicedirección o tema e/ou título da súa proposta antes do 16 de decembro.

A temática escollida deberá incluír ambientación da clase, teatralización e degustación de pratos ou produtos típicos ou asociados á temática escollida.

O día 22 de decembro o Xurado pasará polas aulas para determinar quen son os grupos gañadores.

1. CATEGORÍAS

Haberá tres categorías, polo tanto tres premios:

- **Modalidade I: 1º e 2º ESO**
- **Modalidade II: 3º, 4º ESO e FP Básica**
- **Modalidade III: 1º, 2º Bac e Ciclos Formativos**

2. CRITERIOS

O xurado valorará positivamente:

- Implicación do grupo clase e traballo en equipo
- Xustificación da temática escollida dentro do grupo
- Sostibilidade da actividade: emprego de materiais de refugallo, reciclaxe, baixo impacto medioambiental.
- Creatividade e orixinalidade

3. INDICACIÓNS

- Os días previos ao certame o alumnado poderá ir realizando preparativos na aula e/ou ensaiando dramatizacións nos tempos de lecer ou na titoría (se así o decide o titor/a), sempre e cando estes preparativos non prexudiquen á actividade lectiva.
- O día do certame, 22 de decembro as clases participantes poderán dedicar as dúas primeiras horas a ultimar a ambientación da aula, vestiario, ensaio final, exposición de produtos,...

- A partir do 1º recreo e ao longo da 3ª hora pasará o xurado para valorar o conxunto da posta en escena, atendendo aos criterios de valoración establecidos.
- A partir da 4ª hora unha vez que pasou o xurado e realizou a súa valoración, a clase poderá recibir visitas. Un encargado de cada grupo controlará o aforo de invitados.
- Despois do Recreo, a 5ª hora daranse a coñecer os gañadores de cada modalidade.
- A 6ª hora dedicarase a limpeza da aula: a clase debe quedar en perfectas condicións.

4. COMPOSICIÓN DO XURADO

O Xurado debe estar composto por:

- a. Membro do departamento de Orientación (agás os titores/as, que non poderán xulgar aos seus titorandos/as).
- b. Un membro do equipo directivo
- c. Profesores/as voluntarios/as (comunicándoo á Vicedirección con dúas semanas de antelación ao evento). Os titores/as non poderán ser xurado na categoría na que participen os titorandos/as.
- d. Membros do persoal non docente.

5. PREMIOS

En cada modalidade haberá un premio, que consistirá nunha saída para o grupo gañador, que combinará actividades didácticas con actividades de lecer.

6. OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

- Favorecer o coñecemento mutuo do grupo clase e a súa cohesión.
- Coñecer costumes e características de diferentes países e culturas.
- Identificar similitudes entre as persoas e os diferentes grupos culturais.
- Favorecer o traballo colaborativo entre o alumnado, buscando o seu esforzo para acadar un obxectivo común.
- Fomentar o desenvolvemento da expresión e a creatividade
- Desenvolver actitudes organizativas